

Chegan os Neos

Novos creadores poéticos

Antón Lopo

Faro de Cultura

Teñen menos de trinta anos. Son intelixentes, posúen un discurso poético sólido e carecen de medo. Así son os Neos, a nova xeración de poetas galegos. Nos últimos anos, sacodiron os premios de Crítica con *Raíz da fenda* de Berta Dávila e *Celebración* de Gonzalo Hermo, dous poemarios que, como subliñou no seu día a ideóloga literaria Iris Cochón, beben máis da inspiración dionisiaca dos noventa que da postura apolínea dos oitenta. O Premio Nacional Miguel Hernández para Hermo [é a primeira vez que o consegue un poeta galego] confirmou, ademais, que forxan unha linguaxe [innovadora e constructiva] de vocación cosmopolita. O galardón, subliñou Hermo ao saber que o futuro chamaba á súa porta, "é un recoñecemento á poesía nova que se fai en Galicia, e en xeral á toda a poesía galega".

A obra dos Neos fascina aos críticos, interésalle aos lectores e serve de diálogo [audaz, sen complexos] coa tradición e coas correntes contemporáneas, tanto as que emerxeron no país nos últimos anos como as externas. Berta Dávila (Compostela, 1987) posúe, apesar da súa xuventude, unha longa traxectoria. Iniciouna no 2007 co poemario *Corpo baleiro* (Espiral Maior) e inclúe exitosas propostas novelísticas, como *Bailarei sobre a túa tumba* (Premio Biblos 2008) e *O derradeiro libro de Emma Olsen* (Premio Repsol 2013). Gonzalo Hermo (Taragoña, 1987) é un poeta de obra menos extensa pero de gran impacto. O seu debut con *Crac* (2001) conmocionou baseamentos líricos e *Celebración* afianzou a súa proposta de rebentar o canon con frío cortante e alento vermello.

Pero non están sós. A máis precoz dos Neos vén ser Alicia Fernández (Escairón, 1987): aos oito anos gañou o seu primeiro concurso e na década seguinte creou unha obra de intensidade inédita. De momento, ten un único libro, *Botar o mar polos ollos*, que sinalou en 2005 a emerxencia do grupo. Estreitamente relacionado con ela e con Hermo, está Fran Cortegoso (Pontevedra, 1985), un prodixio conceptual. *Memorial e danza* (Premio Pérez Parallé), revelouno o pasado ano como un poeta radical, de metáforas mastigadas e humor abrasivo.

Máis alá de Oriana Méndez (Vigo, 1984), unha das autoras referenciais da xeración con *Derradeiras conversas co capitán Kraft* (2007) e *Cero* (2011), os Neos son poetas realmente novos. Os máis mozos naceron nos anos noventa: o brillante Ismael Ramos [autor de *Os fillos da fame*] en 1994 e Xesús Castro, gañador do Premio Nélida Piñón de relatos con *O vello e o minotauro*, en 1992.

Para algúns críticos, no conxunto [fornecido de nomes que superan a barreira dos trinta, como Lara Rozados (1982) ou Samuel L. París, do colectivo Tinta de Lura], poden distinguirse catro correntes. Unha delas estaría influenciada polo maxisterio de María do Cebreiro e Helena de Carlos, cunha poesía ligada á experiencia, de linguaxe limpa e mesmo antirretórica. Nela integraríanse, Alba Cid (1989), Lara Dopazo (1985) [autora do sorprenden *Dende Illa peixe*] e Celia Parra (1990), ademais

dos xa mencionados Xesús Castro, Ismael Ramos ou Berta Dávila. Unha segunda corrente, afastada das formas experiencias e ligada á poesía-pensamento de Chus Pato, Xabier Cordal ou doutros autores relacionados coa indagación das identidades, nútrese coas obras de Cortegoso, Hermo e Méndez.

A terceira corrente agruparía propostas abertamente militantes, como a de Xabier Xil Xardón [no 2007 publicou *Cando menos a derrota*] e a de Andrea Nunes [cos seus dardos feministas]; ou liñas de afirmación reintegracionista como a de Charo Lopes, gañadora do premio Fiz Vergara con *De como acontece a fin do mundo*. Por último, e en paralelo a outros autores sen filiación [o catalán Eduard Velasco, autor de *Ruído de trens*], habería unha cuarta corrente que vén influenciada polo exemplo de Ronseltz e Rompente, que busca desacralizar a poesía ou esculca aínda expresións non estritamente literarias [en liña con Lucía Aldao], como Daniel Landesa, do colectivo Poetas da Hostia.

Todos eles veñen conformar, pois, a xeira dos Neos: a última xeración poética do século XX e, ao tempo, o primeiro banzo lírico do novo milenio.